


Distinguido señor:

Da mesma maneira que a xente felicita os amigos cando se cumpren anos do día que naceu eu envíolle a miña felicitación porque hoxe é o aniversario do día no que vai morrer. Pareceralle unha broma, pero podo asegurarlle que non o é. Eu sei perfectamente que vostede morrera tal día coma hoxe (permitame que non lle diga nada de que ano, todo chegará). Eu sei que de primeiras, isto pode parecerlle unha mala nova, pero unha vez que vostede se repoña da sorpresa inicial e medite un pouco, darase de conta de que máis que outra cousa isto é un privilexio, porque lle permitira poder facer unha preparación que a poucos lles está permitida, xa que os homes deron en vivir coma se nunca fosen morrer. Nada hai tan certo e seguro coma a morte para o home, por tanto, calquera outro acontecemento dos que nos poidan suceder son moito máis alleos a nos.

Permitame pois que me despida, por esta, de vostede, desexandolle un feliz día do seu cumpremortes.

Xabier P. Docampo: *Cando petan na porta pola noite*, Xerais (adaptado)

1. O texto está sen acentuar. Acentúao ti.
2. Identifica cada palabra co número que lle corresponde na ilustración.



Canil
Céspedede
Contra
Billa
Cano
Peitoril
Lintel
soleira

chanto
camiño de laxes
cumieira
bufarda
lousado
cheminea
chanzo
balaústre

valo
xanela

cancela

3. Escribe un enunciado con cada unha das seguintes palabras. Da lectura do enunciado debe desprenderse claramente o significado da palabra utilizada: xanela, lúgubre, peitoril.